

**ACTA DA REUNION DA XUNTA ELECTORAL, PARA ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISION DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, CELEBRADA EN LUGO, NA SE FEDERATIVA, O DIA DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**



En Lugo, a dezaoito de outubro de dous mil dezaoito, na Sé da Federación Galega de Tiro Olímpico, con enderezo na Avda. da Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (casa do deporte), en cumprimento do disposto no vixente Regulamento Electoral reúnen-se os membros da Xunta Electoral, para a resolución de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada.

**ASISTENTES:**

Presidente: D. Yago Lanzós Gesto  
Vogal: D<sup>a</sup>. Iria Rancaño Otero  
Secretaria: D<sup>a</sup>. Pilar Vidal Barrio

Da comezo a reunión, procedéndose por parte dos membros da Xunta Electoral, á lectura e estudo das reclamacións presentadas en tempo e forma, á proclamación provisional de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada, polas seguintes persoas:

D. Julio Rivas Iglesias con DNI 33.851.173A, e enderezo na Rúa San Roque, 119 – 2º C – Posterior 27002 Lugo, candidato á Presidencia da Federación Galega de Tiro Olímpico, presenta escrito de reclamación á proclamación provisional da candidatura a Presidente de D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter, no que, solicita o seguinte:

“Non aceptar a candidatura provisional a presidencia da Federación Galega de tiro Olímpico de D. Jose M<sup>a</sup> Fajardo de Andrade Schachter, porque ao formar parte de unha mesa electoral, como interventor, neste proceso electoral, implica a renuncia a presentar candidatura a presidente da Federación.

“Non aceptar a candidatura provisional a presidencia da Federación Galega de Tiro Olímpico de D. Jose M<sup>a</sup> Fajardo de Andrade Schachter porque actualmente sigue sendo compoñente da mesa electoral nº 1 ubicada na provincia de A Coruña, sita na Real Sociedade Deportiva Hípica da A Coruña-Avd. Do Metrosidero, 2-xa que aun non foi disolta, ao non estar constituídos os órganos rectores da federación”.

“Non aceptar a candidatura provisional a presidencia da Federación Galega de Tiro Olímpico e por lo tanto candidato a ser membro nato da Asemblea Xeral e candidato a presidir a mesma de D. Jose M<sup>a</sup> Fajardo de Andrade Schachter porque un candidato a Asemblea Xeral, non pode ser interventor unha mesa electoral neste proceso electoral”.

D. Carlos Núñez Cociña con DNI 33759591F, como presidente do Club Costa Lucense, con enderezo social en A Vara, s/n , 27877 Xove (Lugo); D. Gervasio Murado Linares con DNI:33311323D; D<sup>a</sup> Margarita M<sup>a</sup> García Penelas con DNI:33324871X, presentan escritos coa mesma reclamación á proclamación provisional da candidatura a Presidente de D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter, no que, solicitan o seguinte:

“Que non se acepte a candidatura de D. Jose M<sup>a</sup> Fajardo de Andrade Schachter, por haber sido membro da mesa electoral nº1 (Coruña), como interventor na mesma, polo que non pode ser o candidato, xa que un candidato a membro da Asemblea non pode formar parte dunha mesa electoral”.

“Que non se acepte a candidatura de D. Jose M<sup>a</sup> Fajardo de Andrade Schachter, por haber sido membro da mesa electoral nº1 (Coruña), como interventor na mesma, e un candidato pode nombrar interventores pero non serlo”.

A Xunta Electoral acorda, por unanimidade, non acceder ao solicitado polos reclamantes, en base ás seguintes consideracións:

A Xunta Electoral, con data 10 de outubro en curso, acordou a aceptación da candidatura a Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico, presentada por de D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter por cumprir con tódolos requisitos que sinala o Regulamento electoral.

D. José María Fajardo de Andrade Shcachter non presentou candidatura a membro da Asemblea Xeral por ningún estamento, polo tanto non era candidato nas eleccións a membros da asemblea celebradas o pasado 22 de setembro, cumprindo así co Artigo 9.3 do vixente Regulamento, relativo aos interventores de mesa, que establece: Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas a membros da asemblea xeral.

O Artigo 26 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, establece as consideracións que deben cumprir as persoas interventoras. D. José María Fajardo de Andrade Schachter cumpre tódalas consideracións.

1. Para cada mesa electoral, as candidaturas poden nomear interventores a calquera persoa maior de idade, que será identificada ante a xunta electoral cunha antelación non inferior a tres días do día de realización das respectivas votacións. Correspóndelle á xunta electoral expedir a correspondente acreditación como interventor.

2. As persoas interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitarlle certificacións e formularlle protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme os artigos 49 e 51 deste decreto.

3. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal observadores nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, que deberán emitir un informe do observado na xornada de votación.

Como consecuencia, acetou o nomeamento de interventor para a mesa número 1 de A Coruña, a proposta do candidato D. Jesús Fermin García Vázquez con DNI: 33292924X.



O Artigo 7 do vixente Regulamento electoral, establece os requisitos que deben cumprir os candidatos a Presidente da Federación e Comisión Delegada:

1. Poderán ser electoras á presidencia da federación e á comisión delegada as persoas asembleístas elixidas en cada proceso electoral.

2. Poderán ser elixibles para a presidencia da federación as persoas que cumplan, na data de celebración da elección, os seguintes requisitos:

a) Calquera persoa maior de idade que presente unha candidatura, sexa ou non asembleísta ou da federación.

b) Ter nacido en Galicia ou ter veciñanza administrativa galega.

c) A candidatura sexa avalada polo 10 % dos membros da asemblea xeral.

d) Non fora inhabilitada para ocupar cargos directivos.

e) Non ter sido condenada pola comisión dun delito en virtude de sentenza firme para ocupar cargos directivos.

O Feito de formar parte dunha mesa electoral, como interventor, non sendo candidato a membro da Asemblea Xeral por ningún estamento, non está entre os requisitos excluintes á candidatura de Presidente da Federación.

No relativo ás votacións realizadas na mesa electoral de A Coruña non houbo reclamación algunha ao acto de votación.

O Artigo 9.4 do vixente Regulamento electoral, establece que unha vez constituídos os órganos reitores da federación, entenderase disoltas as mesas electorais. A Xunta Electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico, con data 2 de outubro, procedeo á proclamación definitiva dos membros electos da asemblea, entendendo así que este órgano reitor (Asemblea xeral), quedou constituído.

Para a elección a Presidente e Membros da Comisión Delegada, constituirase unha mesa electoral con arreglo ao establecido no devandito Artigo 9.III do Regulamento electoral.

A Xunta electoral reitera a non administración das reclamacións en base a que suporía a limitación dos dereitos do candidato a Presidente, D. José María Fajardo de Andrade Schachter, e supostamente, de tódalas persoas, que por obrigaón, tiveron que formar parte das mesas electorais a membros da asemblea xeral.

E sendo as 20:00 horas, levántase a sesión que se constata na presente Acta

A Vogal da Xunta Electoral



Asdo.: Iria Rancaño Otero



Vº e Prace  
O Presidente da Xunta Electoral,



Asdo.: Yago Lanzós Gesto